

PROTOCOLO DE XESTIÓN DAS VISITAS Á HORTA DE CONSERVACIÓN DE FROITEIRAS DE SAN SADURNIÑO

CONTEXTO:

A Asociación Galega de Froitas Autóctonas do Eume (AGFA) ten como obxectivo principal recuperar, preservar e difundir as variedades comarcais das árbores froiteiras.

Por este motivo, no ano 2008, a asociación asinou un convenio de colaboración co Concello de San Sadurniño, polo cal este cedía á AGFA do Eume unha parcela, na finca da Cortiña, para desenvolver o proxecto da Horta de Conservación de Froiteiras.

Unha vez que as árbores froiteiras xa teñen un porte aceptable, e están en proceso de produción, o valor didáctico da Horta intensifícase, e faise preciso establecer un procedemento que asegure a difusión da fruticultura por medio de visitas guiadas á parcela.

OBXECTIVOS:

Este protocolo ten como obxecto estruturar e organizar as visitas que terceiras persoas realicen á Horta de Conservación de Froiteiras de San Sadurniño.

INSTALACIÓNS:

A AGFA do Eume, coa colaboración do Concello de San Sadurniño, pon a disposición do público en xeral as instalacións da Horta de Conservación de Froiteiras de San Sadurniño.

- Localización: Finca da Cortiña, lugar do Casal, parroquia de San Sadurniño
- Como chegar?: a finca sitúase nas proximidades da estrada Ferrol-Ortigueira, ó seu paso polo núcleo de San Sadurniño, a rentes do Centro de Día da localidade, e do Pazo da Marquesa
- Parcela: extensión dunha hectárea, cun valo perimetral
- Froiteiras: máis de 160 variedades de froiteiras das comarcas do Eume, Ortegal e Ferrol
- Instalacións complementarias:
 - Caseta de trebellos de labranza
 - Caseta con carteis informativos da Horta

- Apiario didáctico, con colmeas activas (xestionado pola AGA Ferrolterra)

CARACTERÍSTICAS DA VISITA:

Visita directa á Horta, con explicación, por parte dunha persoa pertencente á AGFA, sobre:

- Os obxectivos da AGFA
- Proceso de creación da Horta
- Información sobre as variedades froiteiras existentes
- Reparto de folletos informativos
- Resposta a preguntas e dúbidas
- Degustación, se é posible, das froitas da Horta

PROCEDEMENTO DE VISITA:

1. PÚBLICO DESTINATARIO: poderán solicitar visita á Horta calquera persoa, grupo ou colectivo que teña interese pola fruticultura e a protección do patrimonio natural
2. GRUPOS PARA A VISITA GUIADA:
 - a. Grupo máximo: 25 persoas.
 - b. Grupo mínimo: non existe un número mínimo de persoas, pero si se determina un prezo mínimo da visita
3. SOLICITUDE:
 - a. Prazo de solicitude: deberá realizarse cunha antelación mínima a unha semana ó día que se desexe realizar a visita
 - b. Contacto para realizar a solicitude:
 - i. Teléfono: **605614816**
 - ii. Correo electrónico: **agfaeume@gmail.com**
4. PREZOS:
 - a. Grupo de 1 a 10 persoas adultas: 20,00 € (por grupo)
 - b. Grupo de 11 a 25 persoas adultas: 2,00 € por persoa
 - c. Grupo de escolares: 0,5 € por alumno/a
5. PAGAMENTO: farase en efectivo no momento da visita á persoa que faga de guía. Esta cantidade económica será empregada para sufragar os gastos ocasionados pola visita, así como para colaboración coa propia AGFA.